

**ACTA NÚMERO: 22/2026**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE XUÑO DE 2026.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 4 de xuño de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 28 de maio de 2026 (Reunión 21/2026).
2. Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a realización por Pablo Loyola Medina (NIF: 53172470-N) dun proxecto artístico integral de intervención mural de autor no concello de A Estrada, como parte da actuación 12 do plan de sostenibilidade turística no destino "PSTD Deza Tabeirós: Os Camiños Por Dentro", financiado polo PRTR Next Generation-EU. (Expte.- 2026034176).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026007856).
5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).
6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de equipamento informático para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026016967).
7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).
8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF". (Expte.- 2024083408).
9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF". (Expte.- 2024083408).
10. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño". (Expte.- 2025076411).
11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo". (Expte.- 2026006522).
12. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio". (Expte.- 2026016419).
13. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín". (Expte.- 2025081794).



14. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín". (Expte.- 2025081794).*
15. *Apertura electrónica dos "sobres únicos", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante criterios automáticos, do procedemento simplificado convocado para a contratación da "Subministración instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análises químicos con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade". (Expte.- 2026016393).*
16. *Solicitud da empresa FUNDI-TROF SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B02406452), para participar no Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 28 de maio de 2026 (Reunión 21/2026).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 28 de maio de 2026 (Reunión 21/2026).

**2. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a realización por Pablo Loyola Medina (NIF: 53172470-N) dun proxecto artístico integral de intervención mural de autor no concello de A Estrada, como parte da actuación 12 do plan de sostenibilidade turística no destino "PSTD Deza Tabeirós: Os Camiños Por Dentro", financiado polo PRTR Next Generation-EU. (Expte.- 2026034176).***

Mediante Resolución Presidencial nº 2026004206, de data 25 de maio de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do *servizo para a realización dun proxecto artístico integral de intervención mural de autor no concello de A Estrada, como parte da actuación 12 do plan de sostenibilidade turística no destino "PSTD Deza Tabeirós: Os Camiños Por Dentro", financiado polo PRTR Next Generation-EU.*

Na mesma resolución acordouse invitar a Pablo Loyola Medina (NIF: 53172470-N) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o día 25 de maio de 2026.



O licitador Pablo Loyola Medina (NIF: 53172470-N) presentou a correspondente proposición e, unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

|                                                                                                       |             |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Importe ofertado, exento IVE*                                                                         | 23.745,86 € |
| * De conformidade co artigo 20.1.26 da Lei 37/1992, de 287 de decembro, do Imposto do Valor Engadido. |             |

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Pablo Loyola Medina (NIF: 53172470-N), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo *para a realización dun proxecto artístico integral de intervención mural de autor no concello de A Estrada, como parte da actuación 12 do plan de sostenibilidade turística no destino “PSTD Deza Tabeirós: Os Camiños Por Dentro”, financiado polo PRTR Next Generation-EU.*

**3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 42.36948, de data 17 de abril de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *“programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra”*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas, de prescricións técnicas e as bases reguladoras deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 14 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa, resultando admitidas as seguintes empresas, por lotes:

Lote nº 1: *Servizo deportivo:*

- NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L. (NIF: B70599196)
- MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631).

Lote nº 2: *Servizo de restauración móbil:*

- JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)

A continuación procedeuse á apertura electrónica dos sobres “B” do Lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, acordando dar traslado a documentación técnica descargada presentada polas empresas admitidas ao persoal técnico do servizo de Deportes, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Asemade, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” do Lote nº 2, correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, constando os valores ofertados no certificado do devandito órgano de asistencia, con CSV: FQBWF04DG0ZS7QUJ.



En relación ao Lote nº 1, a xefa do servizo de Deportes emitiu informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, con data 27 de maio de 2026 e CSV VB6663A2NSZY2RRH, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

| CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR       |                                                  | Máximo | NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L. | MARMAR OUTDOOR, S.L.U. |
|---------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|--------|-----------------------------|------------------------|
| <b>Proposta técnica das probas e actividades</b>                    | Probas principais (10K urbanas e Trail 14K)      | 10,000 | 8,750                       | 10,000                 |
|                                                                     | Andainas: Integración cultural e paisaxística    | 3,000  | 3,000                       | 3,000                  |
|                                                                     | Probas de categorías de base/infantís            | 3,000  | 2,750                       | 3,000                  |
| TOTAL PROPOSTA TÉCNICAS DAS PROBAS E ACTIVIDADES                    |                                                  | 16,000 | <b>14,500</b>               | <b>16,000</b>          |
| <b>Plan de dinamización e experiencia das persoas participantes</b> | Calidade e claridade da proposta de dinamización | 3,000  | 3,000                       | 3,000                  |
|                                                                     | Capacidade de participación e inclusión          | 3,000  | 2,750                       | 3,000                  |
|                                                                     | Orixinalidade das dúas propostas de actividade   | 4,000  | 4,000                       | 4,000                  |
| TOTAL PLAN DE DINAMIZACIÓN E EXPERIENCIA DAS PERSOAS PARTICIPANTES  |                                                  | 10,000 | <b>9,750</b>                | <b>10,000</b>          |
| <b>TOTAIS</b>                                                       |                                                  | 26,000 | <b>24,250</b>               | <b>26,000</b>          |

A Mesa de Contratación, en reunión celebrada o día 28 de maio de 2026, acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e que se proceda á apertura do sobre “C” do Lote nº 1, das empresas Noko 360 Sports Consulting, S.L. (NIF: B70599196) e Marmar Outdoor, S.L. (NIF: B70548631), ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas (13,000 puntos), sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con CSV: GMDNOF5EIW7P9LY0.

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, a puntuación obtida no sobre “C” e “B” (lotes nº 1 e 2, respectivamente) polas empresas que participan no procedemento é a seguinte:

| CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN                            |                   |                        |                             |
|------------------------------------------------------|-------------------|------------------------|-----------------------------|
| <b>Lote nº 1: Servizo deportivo</b>                  | Puntuación máxima | MARMAR OUTDOOR, S.L.U. | NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L. |
| Prezo ofertado                                       | 49,000            | 39,372                 | 29,686                      |
| Instalación dunha pantalla LED xigante               | 25,000            | 25,000                 | 25,000                      |
| <b>TOTAL LOTE Nº 1</b>                               | <b>74,000</b>     | 64,372                 | 54,686                      |
| <b>Lote nº 2: Servizo de restauración móbil</b>      | Puntuación máxima | JOSE FAJARDO, S.L.     |                             |
| Prezo ofertado                                       | 49,000            | 49,000                 |                             |
| Inclusión de postre nos menús degustación por dorsal | 26,000            | 26,000                 |                             |



|                                                                   |         |         |
|-------------------------------------------------------------------|---------|---------|
| Inclusión no menú degustación dunha terceira proposta vexetariana | 25,000  | 25,000  |
| <b>TOTAL LOTE Nº 2</b>                                            | 100,000 | 100,000 |

A vista de todo o exposto a Mesa de Contratación, acorda:

**1.-** Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do referido servizo, por lotes, sendo esta a seguinte:

*Lote nº 1: Servizo deportivo:*

| Clasificación | Empresa                                              | Puntuación Sobre B<br>(Máx. 26 puntos) | Puntuación Sobre C<br>(Máx. 74 puntos) | Puntuación total |
|---------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------|----------------------------------------|------------------|
| 1ª            | Marmar Outdoor, S.L.<br>(NIF: B70548631)             | 26,000                                 | 64,372                                 | 90,372           |
| 2ª            | Noko 360 Sports Consulting, S.L.<br>(NIF: B70599196) | 24,250                                 | 54,686                                 | 78,936           |

*Lote nº 2: Servizo de restauración móvil:*

| Clasificación | Empresa                             | Puntuación Sobre B<br>(Máx. 100 puntos) | Puntuación total |
|---------------|-------------------------------------|-----------------------------------------|------------------|
| 1ª            | Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) | 100,000                                 | 100,00           |

**2.-** Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631) no Lote nº 1 e á empresa JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187) no Lote nº 2, polos prezos e valores ofertados.

**4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto “TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS” da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2026007856).**

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por Acordo da Xunta de Goberno nº26.36977, de data 24 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Pontearreas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/04/2026. Así mesmo,





publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 14/05/2026, procedeu á apertura dos sobres A, correspondentes coa documentación administrativa (Certificado da mesa co CSV nº 6F1695AH7V92M88Z)

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes coa documentación técnica, remitíndose dita documentación ó servizo de Novas Tecnoloxías (Certificado da mesa co CSV nº 12W6EFHIX5OCT4MP)

Con data 21/05/2026, a Xefa servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: 7W16RTVD3GX6JU4W).

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o día 28/05/2026, e á vista do mencionado informe, acordou prestar a súa conformidade ás puntuacións recollidas no mesmo e, na mesma sesión, proceder coa apertura dos sobres C, correspondentes coas ofertas avaliábeis mediante criterios automáticos, facultando ó secretario da mesma para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o correspondente requirimento (Certificados da mesa cos CSV nº UEOZK21IMVNPYBMK e T7XZL0NFRO9RQJTN)

Con data 29/05/2026 o servizo de Contratación emite o correspondente informe sobre as puntuacións totais acadadas no procedemento, alcanzando o licitador SERMICRO, S.A.U. (A78032315) a máxima puntuación.

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas, que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADOR                       | SOBRE “B”     | SOBRE “C”     | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|---------------------------------|---------------|---------------|------------------|
| 1ª       | SERMICRO, S.A.U.<br>(A78032315) | 25,000 puntos | 70,000 puntos | 95,000 puntos    |

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato á empresa SERMICRO, S.A.U. (A78032315), que acada a máxima puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento,



**5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 10 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dos *servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación ao Diario Oficial da Unión Europea, con data 16 de abril de 2026, resultando publicado no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 21 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres “B”, correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir á única empresa que participa no procedemento:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995)

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B”, presentada polas referidas empresas, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 22 de maio de 2026, emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor con CSV: KSG2YYHTTYLNYOY5, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

| CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR | Máximo        | SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. |
|---------------------------------------------------------------|---------------|----------------------------------------|
| Metodoloxía da xestión do servizo                             | 8,000         | 7,000                                  |
| Xestión de incidencias                                        | 8,000         | 7,000                                  |
| Plan de traballo                                              | 5.000         | 4,000                                  |
| Metodoloxías para a prestación do servizo e plan de calidade  | 4,000         | 4,000                                  |
| <b>TOTAIS</b>                                                 | <b>25,000</b> | <b>22,000</b>                          |



En base a dito informe, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 28 de maio de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados constan no certificado da Mesa de Contratación con CSV: NYOAYVS9NUVCR3A9.

As puntuacións resultantes da valoración dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, son as seguintes:

| CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AUTOMÁTICOS | Máximo | SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. |
|---------------------------------------|--------|----------------------------------------|
| Menor prezo ofertado                  | 75,000 | 0,391                                  |
| <b>TOTAL</b>                          | 75,000 | 0,391                                  |

A vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación dos referidos servizos, que queda da seguinte forma:

| CLASIFICACIÓN | EMPRESAS                                                   | Puntuación<br>SOBRE B | Puntuación<br>SOBRE C | TOTAL B+C |
|---------------|------------------------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------|
| 1ª            | SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A.<br>(NIF: A33117995) | 22,000                | 0,391                 | 22,391    |

2.- Propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995), polos prezos e valores ofertados pola mesma.

**6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de equipamento informático para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026016967).**

Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2026003609 de data 7 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de equipamento informático para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de maio de 2026. Así





mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Unha vez descargada da Plataforma de Contratos do Sector presentaron ofertas e foron admitidas as seguintes empresas:

- ECONOCOM SEMIC SAU (CIF.- A25027145)
- PEAKWAY S.L. (CIF.- B66460338)
- UNIVERTIA, S.L. (CIF.- B23639248)

Os valores ofertados foron o seguintes:

EMPRESA: ECONOCOM SEMIC SAU. (CIF.- A25027145)

|                        |             |
|------------------------|-------------|
| Importe sen IVE.       | 52.480,28 € |
| IVE (21%)              | 11.020,86 € |
| Importe total ofertado | 63.501,14 € |

EMPRESA: PEAKWAY S.L. (CIF.- B66460338)

|                        |             |
|------------------------|-------------|
| Importe sen IVE.       | 58.050,00 € |
| IVE (21%)              | 12.190,50 € |
| Importe total ofertado | 70.240,50 € |

EMPRESA: UNIVERTIA S.L. (CIF.- B23639248)

|                        |             |
|------------------------|-------------|
| Importe sen IVE.       | 40.852,94 € |
| IVE (21%)              | 8.579,12 €  |
| Importe total ofertado | 49.432,06 € |

A Mesa de Contratación procedeu á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa UNIVERTIA S.L. (CIF B2369248) de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo ofertado, polo que se acordou facultar ao Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de **cinco días hábiles** xustificara a oferta e precisase as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

En data 1-06-2026 a empresa UNIVERTIA S.L. achega a documentación por rexistro REX\_WEB2026046907.



De acordo co informe da Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 2-06-2026 co csv 0MSRHX1W7QPNJ0X6, a documentación que achega UNIVERTIA S.L. non xustifica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.

Feitas as valoración de conformidade cos criterios establecidos no prego administrativo, as puntuacións acadadas polas empresas admitidas son as seguintes:

| EMPRESA LICITADORA             | PUNTUACIÓN |
|--------------------------------|------------|
| ECONOCOM SEMIC SAU (A25027145) | 78,75      |
| PEAKWAY S.L. (B6640338)        | 33,08      |

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Propor ao órgano de contratación excluir a empresa Univertia S.L. de acordo co informe da xefa do servizo de Novas tecnoloxías, xa que non xustifica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | EMPRESA LICITADORA             | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
|----------|--------------------------------|---------------------|
| 1º       | ECONOCOM SEMIC SAU (A25027145) | 78,75               |
| 2º       | PEAKWAY S.L. (B6640338)        | 33,08               |

3.- Propor o órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa ECONOCOM SEMIC SAU (A25027145), que acada unha puntuación de 78,75.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar.

4.- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través dunha Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>), de conformidade co establecido no artigo 159.4 LCSP:



**7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 1 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes”.

O anuncio de licitación deste contrato foi remitido ó Diario Oficial da Unión Europea con data 07 de abril de 2026, sendo publicado o día 08 de abril de 2026 (Número de publicación do anuncio 237920-2026; número da edición do DO S: 68/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08 de abril de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación de proposicións, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 7 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres “B”, correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir as seguintes empresas licitadoras:

1. Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)
2. Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobre “B”, presentadas polas referidas empresas, ao persoal técnico do Servizo de Benestar Social ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 27 de maio de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social emitiu informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor (CSV: RZR XVX6BG5PDV9T), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

| <b>Criterios de adxudicación</b>                                           | <b>Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)</b> | <b>Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)</b> |
|----------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|
| Descrición xeral do servizo, ata un máximo de 10 puntos                    | 6,00                                              | 8,00                                                         |
| Forma de organización e prestación do servizo, ata un máximo de 10 puntos. | 6,00                                              | 7,50                                                         |
| Planificación e comunicación, ata un máximo de 10 puntos.                  | 6,00                                              | 8,50                                                         |



|                                                    |              |              |
|----------------------------------------------------|--------------|--------------|
| Seguimento e avaliación, ata un máximo de 5 puntos | 2,50         | 4,00         |
| Difusión e promoción, ata un máximo de 5 puntos    | 4,50         | 2,50         |
| Medios materiais, ata un máximo de 5 puntos.       | 3,50         | 3,50         |
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B</b>                    | <b>28,50</b> | <b>34,00</b> |

Con base nese informe, a Mesa de Contratación, na sesión do día 28 de maio de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas foron os seguintes:

#### **ILUNION SOCIOSANITARIO SA (CIF: A82438995)**

##### **1. Prezo ofertado.**

| <b>TIPOLOXÍA</b>                                      | <b>PREZO MENSUAL OFERTADO, SEN IVE</b> | <b>IVE</b> | <b>PREZO MENSUAL OFERTADO, CON IVE</b> |
|-------------------------------------------------------|----------------------------------------|------------|----------------------------------------|
| PERSONA TITULAR DE DISPOSITIVO ANALÓXICO              | 19,82 €                                | 0,79 €     | 20,61 €                                |
| PERSONA TITULAR DISPOSITIVO GSM                       | 21,38 €                                | 0,86 €     | 22,24 €                                |
| PERSONA TITULAR DISPOSITIVO TAD MÓVIL XEOLOCALIZACIÓN | 22,49 €                                | 0,90 €     | 23,39 €                                |

##### **2. Número de días ofertados de prazo para a instalación do servizo: un.**

#### **QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES SAU (CIF: A80106842)**

##### **1. Prezo ofertado.**

| <b>TIPOLOXÍA</b>                                      | <b>PREZO MENSUAL OFERTADO, SEN IVE</b> | <b>IVE</b> | <b>PREZO MENSUAL OFERTADO, CON IVE</b> |
|-------------------------------------------------------|----------------------------------------|------------|----------------------------------------|
| PERSONA TITULAR DE DISPOSITIVO ANALÓXICO              | 21,95 €                                | 0,88 €     | 22,83 €                                |
| PERSONA TITULAR DISPOSITIVO GSM                       | 27,25 €                                | 1,09 €     | 28,34 €                                |
| PERSONA TITULAR DISPOSITIVO TAD MÓVIL XEOLOCALIZACIÓN | 29,76 €                                | 1,19 €     | 30,95 €                                |

##### **2. Número de días ofertados de prazo para a instalación do servizo: 2 días naturais.**

As puntuacións resultantes da valoración dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, son as seguintes:

| <b>Criterios de avaliación</b>                                                                    | <b>Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)</b> | <b>Quavitaе Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|
| 1. Menor prezo ofertado, sen IVE, ata un máximo de 40 puntos.                                     | 40,00                                             | 24,71                                                        |
| a) Menor prezo ofertado por persoa titular con dispositivo analóxico, ata un máximo de 18 puntos. | 18,00                                             | 14,30                                                        |
| b) Menor prezo ofertado por persoa titular con dispositivo dixital, ata un máximo de 16 puntos    | 16,00                                             | 7,94                                                         |



|                                                                                                           |              |              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|
| c) Menor prezo ofertado por persoa titular con dispositivo con xeolocalización, ata un máximo de 6 puntos | 6,00         | 2,47         |
| 2. Redución do prazo de instalación do servizo, ata un máximo de 15 puntos.                               | 15,00        | 13,93        |
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE C</b>                                                                           | <b>55,00</b> | <b>38,64</b> |

A vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que concorren neste procedemento aberto, que queda establecida da seguinte forma:

| CLASIFICACIÓN | EMPRESAS                                               | PUNTUACIÓN SOBRE B | PUNTUACIÓN SOBRE C | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---------------|--------------------------------------------------------|--------------------|--------------------|------------------|
| 1ª            | Ilunion Sociosanitario SA<br>(CIF: A82438995)          | 28,50              | 55,00              | 83,50            |
| 2ª            | Quavita Services Asistenciales<br>SAU (CIF: A80106842) | 34,00              | 38,64              | 72,64            |

2. Propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto á empresa Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995), de conformidade coa oferta presentada pola referida empresa.

**8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF". (Expte.-2024083408).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato para execución da obra "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación





dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada e examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (N.I.F. B36816189)
- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. (N.I.F. B32184558)
- CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. (N.I.F. B36011005)
- ELEC NOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.U. (N.I.F. A79486833)
- MISTURAS, S.A. (N.I.F. A32118705).
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A70319678)
- SISTEMAS FAVENSIS, S.L. (B70338256).
- UTE CONSTRUCCIONES ABAL S.A.-REVIVIS, REHABILITAÇÃO RESTAURO E CONSTRUÇACO LDA

**9. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF". (Expte.- 2024083408).***

A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do día 4 de xuño de 2026, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "*Mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba do CPF*", acordando admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (N.I.F. B36816189)
- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. (N.I.F. B32184558)
- CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. (N.I.F. B36011005)
- ELEC NOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.U. (N.I.F. A79486833)
- MISTURAS, S.A. (N.I.F. A32118705).
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A70319678)
- SISTEMAS FAVENSIS, S.L. (B70338256).
- UTE CONSTRUCCIONES ABAL S.A.-REVIVIS, REHABILITAÇÃO RESTAURO E CONSTRUÇACO LDA

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondente as ofertas técnicas que serán avaliables mediante criterios de xuízos de valor.



Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do Servizo de Arquitectura para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**10. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”. (Expte.- 2025076411).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 8 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



**11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo". (Expte.- 2026006522).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 8 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

2. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- NAROM, S.L.

3. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

**12. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio". (Expte.- 2026016419).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 8 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- AUDECA, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

**13. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín". (Expte.- 2025081794).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria 6 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín"*.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861).

A Mesa de Contratación na reunión do día 9 de abril de 2026 procedeu á apertura dos sobres “A”, documentación técnica, aportada polo citado licitador ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 1 de xuño de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polo empresa, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

| LICITADORES                                               | A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO | PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES | PUNTUACIÓN SOBRE "A" |
|-----------------------------------------------------------|---------------------------------|--------------------------------------|----------------------|
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. | 10                              | 1                                    | 11                   |

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 1 de xuño de 2026, acorda:

1. Prestar conformidade á puntuación acadada pola empresa, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L, no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín”*.
2. Que non se proceda a efectuar a apertura do sobre “B”, correspondente a oferta con criterios de valoración automática presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., ao non acadar a oferta técnica unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas que figuran na cláusula número 9.1 do prego de cláusulas económico administrativas que rexen neste procedemento aberto simplificado.





3. Propor ao órgano de contratación excluír a empresa, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., ao acadar unha valoración na oferta técnica de 11 puntos, que é inferior á valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable aos criterios non avaliados mediante fórmulas.
4. Propor ao órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín"*, polo motivos expostos en canto a exclusión deste procedemento de licitación da única oferta presentada, así como pola ausencia de máis ofertas admisibles de empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

**14. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín". (Expte.- 2025081794).**

A Presidenta decide retirar este asunto da orde do día debido a que a Mesa de Contratación acordou no punto anterior da reunión do día 4 de xuño de 2026 propor ao órgano de contratación excluír a empresa, Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., deste procedemento ao acadar unha valoración na oferta técnica de 11 puntos, que é inferior á valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable aos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Así mesmo a Mesa de Contratación acordou propor tamén o órgano de contratación que declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín"*, polo motivos expostos en canto a exclusión deste procedemento de licitación da única oferta presentada, así como pola ausencia de máis ofertas admisibles de empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

**15. Apertura electrónica dos "sobres únicos", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliados mediante criterios automáticos, do procedemento simplificado convocado para a contratación da "Subministración instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análises químicos con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade". (Expte.- 2026016393).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial 2026003769, de data 12/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da *"Subministración instalación e posta en marcha dun analizador multiparámetro selectivo automatizado de análise químico con determinación por colorimetría para o laboratorio da Finca Mouriscade"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13/05/2026. Así mesmo,





publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131)

Os valores ofertados foron os seguintes:

| METROHM HISPANIA, S.L. (B88334131) |             |
|------------------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE                  | 70.000,00 € |
| IVE (21%)                          | 14.700,00 € |
| Importe con IVE                    | 84.700,00 € |

Xunto coa oferta, o licitador aporta a ficha técnica requirida sobre a subministración ofertada.

Previamente á valoración da oferta económica, a Mesa de Contratación acorda dar traslado das fichas técnicas ofertadas ó persoal técnico do servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra para solicitar informe sobre a adecuación das mesmas ás características técnicas do PPT.

**16. Solicitud da empresa *FUNDI-TROF SOCIEDAD LIMITADA* (CIF: B02406452), para participar no Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20 de marzo de 2026, sendo publicado o día 23 de marzo de 2026 (Número de publicación do anuncio 197830-2026; número da edición do DO S: 57/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de marzo de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporacións ao sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Solicitada pola empresa Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452) a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

| <b>Empresa: FUNDI-TROF SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B02406452)</b> |                                 |
|---------------------------------------------------------------|---------------------------------|
| <b>Data presentación: 27-05-2026 20:51</b>                    |                                 |
| <b>DOCUMENTACIÓN SOLICITADA</b>                               | <b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA</b> |
| <b>ROLECE/RCGA</b>                                            | SI (ROLECE )                    |
| <b>Solicitude de adhesión Anexo I.</b>                        | SI                              |
|                                                               | Categoría 2                     |
| <b>Declaración responsable</b>                                | SI                              |
| <b>Capacidade para contratar</b>                              | SI (ROLECE)                     |
| <b>Solvencia económica:</b>                                   |                                 |



|                                                                                   |                     |
|-----------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Categoría I: 60.000,00 €                                                          |                     |
| Categoría II: 20.000,00 €                                                         | SI                  |
| Solvencia técnica                                                                 |                     |
| Categoría I: 30.000,00 €                                                          |                     |
| Categoría II: 5.000,00 €                                                          | SI                  |
| Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social              | SI (INTERMEDIACIÓN) |
| Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria | SI (INTERMEDIACIÓN) |
| Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas         | SI (INTERMEDIACIÓN) |

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Seleccionar á empresa Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452), por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría 2 do sistema dinámico de adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

#### **Categoría 1: Material de publicidade**

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)
2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)
3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)
4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)
5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287)
6. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)
7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442)
8. Gallega de Publicidad y Merchandising S.L. (CIF: B10822948)
9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482)
10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
11. Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334)
12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)
13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493)



14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)
15. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)

**Categoría 2: Trofeos e medallas**

1. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)
2. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
3. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002)
4. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
5. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)
6. Fundi-Trof Sociedad Limitada (CIF: B02406452)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e un minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

